



### CONCELLOS

#### CASTROVERDE

##### *Anuncio*

Que na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 06 de Xullo de 2022, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao segundo trimestre do ano 2022:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (2º trimestre do ano 2022).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

##### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 20 de Xullo de 2022 ata o 20 de Setembro de 2022. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 15 de xullo de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2034

##### *Anuncio*

#### **RECTIFICACIÓN DO ERRO DO ACORDO DA SESIÓN PLENARIA DE 26 DE MAIO DE 2022, RELATIVO Á APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2022.**

Pola presente se publica o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 14 de xullo de 2022 que textualmente di:

“Visto o acordo adoptado no pleno celebrado en data 26 de maio de 2022 de aprobación da modificación do cadro de persoal do Orzamento Xeral do exercicio 2022.

Visto a exposición ao público do acordo antedito e que non se presentaron alegacións ao mesmo.

Visto o anuncio publicado no BOP nº 150, do 2 de xullo de 2022 da aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal do Orzamento Xeral do Exercicio 2022.

Detectado o erro material no Grupo/Subgrupo da praza de Agrupación Secretaría Intervención e onde di A2 debe dicir A1/A2.

É de aplicación o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”

En base ás argumentacións anteriores, propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a rectificación do erro material e onde di na praza de Agrupación de Secretaría Intervención A2 debe dicir A1/A2.

Segundo.- Ordear a publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Terceiro.- Remitir á Dirección Xeral de Administración local aos efectos oportunos

Castroverde, 15 de xullo de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2035

---

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 9/2022.**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de xullo de 2022 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 9/2022, na modalidade de crédito extraordinario.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 15 de xullo de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2036

---

### *Anuncio*

#### **Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 8/2022.**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de xullo de 2022 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 8/2022, na modalidade de crédito extraordinario.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 15 de xullo de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2037

---

## O CORGO

### *Anuncio*

O Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a selección de persoal laboral fixo: persoal de atención (Técnico de Atención á Infancia) para o Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello do Corgo, unha vez finalizadas as probas selectivas, e de acordo coa base novena da convocatoria, propuxo a contratación como persoal laboral fixo ás dúas seguintes candidatas que superaron o proceso selectivo:

Nº DE ORDE	NOME	DNI	PUNTUACIÓN OPOSICION	PUNTUACIÓN CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ARIAS DÍAZ MARIA CARMEN	**5411***	13,54	6	19,54
2	FERNANDEZ DIAZ MERCEDES	**6487***	13,01	6	19,01

As aspirantes propostas, deberán achegar, no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación desta lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos sinalados na base décima.

O Corgo, 14 de xullo de 2022.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2038

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XUÑO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 11.07.2022 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de xuño de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 01.08.2022 ata o 03.10.2022.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 15 de xullo de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2039

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 11.07.2021 aprobouse o padrón fiscal do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana do exercicio 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule,

poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 5.08.2021 ata o 05.10.2021.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante:

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 15 de xullo de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022 Primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2040

---

### Anuncio

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL MPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 11.07.2021 aprobáronse os padróns fiscais do imposto sobre bens inmobles de natureza rústica e de características especiais do exercicio 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza Xeral dos Ingresos Municipais de Dereito Público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 5.08.2022 ata o 05.10.2022.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante:

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 15 de xullo de 2022.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022 Primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2041

---

**NEGUEIRA DE MUÑIZ***Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº /2022**

José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente del Ayuntamiento de Negueira de Muñiz, en uso de las atribuciones y responsabilidades que al cargo que ostenta le corresponden, y ante su próxima ausencia por motivos vacacionales

De acuerdo a lo dispuesto en el art. 63 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, reguladora de la Administración Local de Galicia, y en uso de las facultades que la legislación vigente me atribuye,

**RESUELVE:**

**Primero.-** Delegar en D. Luis Río Muiña, primer Teniente de alcalde de Negueira de Muñiz, la totalidad de las funciones de Alcaldía durante el período de tiempo que sigue: 18 de julio de 2022 hasta el 31 de julio de 2022.

**Segundo.-** Que se dé cuenta de esta delegación al Pleno municipal de Negueira de Muñiz, en la primera sesión que éste celebre, y que se publique lo antedicho en el BOP de Lugo.

Lo manda y firma el Sr. Alcalde-Presidente de Negueira de Muñiz, D. José Manuel Braña Pereda, en Negueira, a 15 de julio de 2022, de lo que yo, Carmen Gómez Otero, Secretaria-interventora, doy fe.

El Alcalde-presidente, José Manuel Braña Pereda La Secretaria-interventora, Carmen Gómez Otero.

R. 2042

---

**O VALADOURO***Anuncio*

Aprobado inicialmente a desafectación do camiño 9009, do polígono 9, por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 07 de xullo de 2022, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro da sede electrónica do Concello de O Valadouro

Durante devandito prazo poderanse formular polos interesados as alegacións que se estimen pertinentes.

O Valadouro, 15 de xullo de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2049